

Do TIAR á OTAS: dinámicas da arquitectura de seguridade en América do Sur

Roberto Mansilla Blanco

Na primeira década do século XXI, América Latina e, en especial, o Sur do continente, asisten a novas dinámicas en materia de integración que, directamente, teñen a súa repercusión nos aspectos relativos á seguridade.

Historicamente afastada dos grandes conflitos internacionais e, especificamente, con escasas manifestacións bélicas entre os seus Estados-nación, o concepto de seguridade continental en América Latina vense modificando substancialmente nos últimos anos, en especial alterados pola dinámica de cambios políticos na rexión.

Para explicar o por qué deste cambio xeopolítico nas relacións de seguridade entre os países latinoamericanos e, en especial, do conxunto rexional cara EUA, débese tomar en conta o conxunto de cambios políticos experimentados na rexión a partir de 1999, co triunfo electoral de Hugo Chávez en Venezuela. A tendencia favorable cara diversas variacións da esquerda en países como Brasil, Bolivia, Ecuador, Nicaragua, Paraguai, Uruguai, Arxentina ou Chile deu paso a unha ramificación de relacións, iniciativas e intereses concibidos, en gran medida, baixo imperativos plenamente latinoamericanos.

Un caso esencial ven sendo o impulso da visión integracionista “bolivariana” esgrimida por Chávez, que ten unha dimensión e carácter de seguridade militar. Igualmente, a consolidación de Brasil como “potencia emerxente global”, con pretensións de ser incluída nunha hipotética ampliación do Consello de Seguridade da ONU, da a entender esa diversidade de perspectivas actualmente existentes en materia de seguridade no continente.

Igualmente, a América Latina de 2009 asiste a problemas concretos en materia de seguridade que tamén involucran aos intereses estadounidenses, como son os casos do narcotráfico; a perpetuación da guerrilla das FARC en Colombia; a posible aparición doutros focos de resistencia ao capitalismo neoliberal; o incremento do gasto militar en varios países sudamericanos; e a presenza de actores externos, como Rusia, Irán, Francia e China, con intereses xeopolíticos e militares en países como Venezuela, Brasil, Bolivia ou Cuba.

O TIAR: un organismo “pantasma”

Dende unha perspectiva xeopolítica contemporánea, os conceptos e a evolución da seguridade hemisférica dos países latinoamericanos estiveron estreitamente vinculados aos imperativos de Washington en materia de seguridade.

O exemplo típico desta visión xeopolítica e militar quedou de manifesto na creación en Río de Janeiro o 2 de setembro de 1947, do Tratado Interamericano de Seguridade Recíproca (TIAR), tamén coñecido como Tratado de Río. Un organismo concibido baixo a dinámica de confrontación existente durante a “guerra fría” e a confrontación bipolar entre EUA e a ex URSS pero que, desde a perspectiva histórica, foi o primeiro organismo de seguridade colectiva creado ao fin da II Guerra Mundial.

O artigo 3.1 do TIAR estipula que, en caso dun (...) *ataque armado por calquera Estado contra un Estado Americano, será considerado como un ataque contra todos os Estados Americanos e, en consecuencia, cada unha das Partes Contratantes comprométese a axudar a facer fronte ao ataque en exercicio do dereito inminente de lexítima defensa individual ou colectiva que reconece o Artigo 51 da Carta das Nacións Unidas*..⁽¹⁾

Co TIAR, América Latina practicamente indexaba as súas políticas de seguridade baixo o paraugas militar estadounidense, con claras implicacións políticas nos respectivos gobernos latinoamericanos. Aínda que foi invocado nunha vintena de ocasións, especialmente ante acontecementos importantes para a seguridade hemisférica como a crise dos mísiles en Cuba (1962), a breve guerra entre Honduras e O Salvador (1969), ou os atentados terroristas do 11-S de 2001 en EUA, o TIAR nunca tivo efectividade real nin capacidade operativa.

Esta perspectiva de supeditación do TIAR aos intereses hemisféricos de seguridade de Washington non esgotou os procesos de rebelión latinoamericanos: a revolución cubana de 1959 alterou esta realidade, en especial exposta á posible penetración soviética no hemisferio occidental a través da illa caribeña. Polo tanto, a visión de Washington de dominar ou situar ao seu carón o continente, influíu decisivamente na súa reacción e intervención ante calquera alternativa autóctona de desenvolvemento e integración, así como ante focos armados de rebelión, anteriores ou posteriores á revolución cubana.

Paralelamente, a preponderancia e preeminencia da tristemente célebre “Escola das Américas” serviu de aliciente para adestrar ás Forzas Armadas latinoamericanas e intervir militarmente ante calquera tentativa de rebelión contraria aos intereses de Washington. Abundan os casos neste sentido: a experiencia guatemalteca de Jacobo Arbenz en 1954; a invasión estadounidense da República Dominicana (1965) e Grenada (1983); o golpe de Estado contra Salvador Allende en Chile en 1973; a “guerra sucia” contra as guerrillas esquerdistas en Colombia e O Salvador; e o acoso da revolución sandinista en Nicaragua entre 1979 e 1990.

Non obstante, e a pesar do énfase de Washington en manter a súa preeminencia, o TIAR foi un fracaso como mecanismo efectivo de seguridade continental. O caso máis emblemático da súa ineficacia foi a guerra das Malvinas de 1982 entre

(1) <http://www.oas.org/juridico/spanish/Tratados/b-29.html>

Arxentina e Gran Bretaña, o único momento no que o TIAR chegou a reunirse de forma urxente e activarse moderadamente ante unha intervención exterior no hemisferio continental.

Nesa conxuntura definiuse claramente a falta de consenso político no seo do TIAR. Cando a práctica totalidade dos países latinoamericanos apoiaron a defensa arxentina da súa soberanía histórica sobre as Malvinas (a pesar de que estas illas están baixo soberanía británica), tanto EUA como Colombia racharon este consenso apoiando a Londres na súa tamén lexítima resposta militar ante a invasión arxentina das Malvinas.

Washington provocou a ruptura do TIAR e a violación do anteriormente citado artigo 3.1 ao facer efectivo o seu compromiso con Londres, invocando o artigo 4º da OTAN, que aplica a defensa colectiva en caso de ataque externo contra un membro deste organismo. Polo tanto, no único momento en que o TIAR podía activarse, a súa presenza constituíu un fracaso político e militar que, se ben non determinou a súa disolución, fai da súa existencia unha cuestión practicamente testemuñal e inefectiva.

Para dar un exemplo da escasa operatividade do TIAR e das implicacións dos intereses de seguridade de EUA trala fin da “guerra fría”, en setembro de 2002, o entón goberno mexicano de Vicente Fox anunciou a retirada dese país do TIAR por consideralo “obsoleto”⁽²⁾. Con anterioridade, Perú converterase en xaneiro de 1990 no primeiro Estado hemisférico en anunciar a súa renuncia do TIAR, aínda que, en decembro de 1991, volveuse atrás no anuncio para volver a ingresar no organismo.

A rebelión do “patio traseiro”

Antes de considerar as dinámicas actuais de seguridade en América do Sur, cómpre salientar os cambios políticos experimentados na rexión no último decenio, que determinarán fracturas evidentes para o tradicional control político, xeopolítico, económico e militar de Washington na rexión, así como unha maior imbricación de intereses e alternativas propias de integración por parte dos países sudamericanos.

Tras unha década de programas macroeconómicos de axuste neoliberal, xerados tralo unilateral “Consenso de Washington” de 1989, América Latina comezou a entrar noutra fase política a partir de decembro de 1998, coa vitoria electoral de Hugo Chávez en Venezuela e a súa proposta de revolución bolivariana, marcadamente hemisférica, antiglobalización neoliberal, identificada cun claro carácter nacionalista, tercermundista e latinoamericanista.

O influxo hemisférico da proposta bolivariana de Chávez comezou a evidenciarse nun momento en que Washington entregaba formalmente o control do

(2) <http://www.jornada.unam.mx/2002/09/07/022n2pol.php?printver=1|1>

Canal de Panamá ás autoridades panameñas, suceso acaecido o 31 de decembro de 1999, seguindo o previsto no acordo Torrijos-Carter de 1977.

Coa estrutura militar do Comando Sur afincado en Florida (EUA), pero sen unha base militar firme en territorio latinoamericano que lle permitira actuar rapidamente ante calquera crise política, Washington virou a súa atención cara Colombia como aliado militar, un país azoutado por problemas de seguridade derivados do conflito interno coas guerrillas esquerdistas, os paramilitares e o tráfico de drogas.

Non obstante, a influencia da marea esquerdista e da revolución bolivariana en Venezuela obtivo importantes réditos políticos e electorais en países como Brasil (2002), Arxentina (2003), Uruguai (2004), Bolivia (2005), Chile (2005), Nicaragua (2006), Ecuador (2007), Honduras (2007), Guatemala (2008), O Salvador e Paraguai (2009). Deste modo, nos albores do século XXI, Washington semellaba practicamente persuadido de ter perdido a iniciativa política no continente.

Durante este período observouse tamén o avance e o reforzamento decidido de diversos organismos de integración, como a Unión de Nacións do Sur, UNASUR (con marcada influencia da diplomacia brasileira), o Sistema de Integración Centroamericana (SICA), a Comunidade Andina de Nacións (CAN), a Alianza Bolivariana para os Pobos da Nosa América (ALBA) e a diversificación dos seus organismos de integración, como PETROCARIBE, PETROANDINA, PETROSUR, Telesur, etc.

Nesa conxuntura, imponse a capacidade de actuación de UNASUR e a ALBA, ao mesmo tempo que se certificaron as dificultades operativas e de integración doutros organismos, como MERCOSUR, e a caducidade doutros, como o TIAR, o Pacto Andino, etc.

O gasto militar en América do Sur

Obviamente, o cambio político e electoral, así como a configuración de bloques de integración rexionais afastados dos modelos económicos de inspiración anglosaxona, deron paso á énfase en determinadas prioridades de seguridade para América Latina.

Cómpre considerar que América do Sur constitúe, tradicionalmente, un territorio pouco proclive ás guerras entre os seus Estados, igualmente considerado de baixo risco de conflictividade bélica. Segundo o Instituto de Investigación para a Paz Internacional de Estocolmo (SIPRI) e o londiniense Instituto Internacional de Estudos Estratéxicos (IISS), América do Sur é a rexión mundial que menos destina aos seus gastos militares, representando o 1,74% do seu PIB.⁽³⁾

Non obstante, a partir de 2004, comezou a incrementarse o gasto militar na rexión, principalmente liderado por países como Brasil, Colombia, Venezuela, Perú e

(3) "Record de gasto militar en América del Sur", *Agencia Rusa de Información Novosti*, 21/06/2008 <http://sp.rian.ru/analysis/20080621/111261497.html>

Chile, algúns deles con problemas de delimitación e reclamacións limítrofes fronteirizas. Así como as posibles tensións territoriais, outros factores de índole xeopolítica (a loita contra o narcotráfico e grupos insurgentes como as colombianas FARC e o peruano Sendero Luminoso), como enerxético (control das reservas de petróleo e gas natural), induciron a este incremento do gasto militar.

Con relación a 2008, o SIPRI cifrou en US\$ 34.000 millóns o gasto total en defensa dos países latinoamericanos, o cal supón un aumento do 50% se o comparamos cos niveis de dez anos antes. Pola súa banda, o informe “Balance Militar 2009” do IISS sinala que este gasto foi do 91% entre 2003 e 2008, alcanzando os US\$ 47.000 millóns⁽⁴⁾.

Este escenario obriga a reflexionar sobre qué países e porqué lideran o gasto militar en América do Sur. Datos do SIPRI establecen que, en 2008, o 55% do gasto militar total sudamericano (US\$ 27.540 millóns) corresponde a Brasil, seguido de Colombia (US\$ 6.746 millóns); Chile (US\$ 5.395 millóns) e Venezuela (US\$ 3.321 millóns)⁽⁵⁾. Se ben existen diversas lecturas sobre a magnitude do incremento do gasto militar en América do Sur, especialmente se o comparamos co PIB de cada país, atopamos realidades distintas. Así, Colombia lideraría este gasto (4%) seguido de Chile (3,4%), Ecuador (2,9%), Bolivia (1,7%), Brasil (1,5%) e Venezuela (1,3%).

Se temos en conta os países involucrados no elevado gasto militar, atopamos que Brasil ocupa un lugar relevante, probablemente derivado das súas pretensións de converterse nunha potencia emerxente global, cun lugar permanente no Consello de Seguridade da ONU e cunha industria militar eficiente e produtora de armamentos. Brasilia é o 12º país con maior gasto militar, segundo datos do SIPRI, considerando que entre 1999 e 2008, o orzamento militar brasileiro aumentou un 29,9%, sendo este índice do 50% nos anos de presidencia de Lula da Silva (2002-2010)⁽⁶⁾.

De seguido, apréciase a preponderancia de países como Colombia e Venezuela, así como Chile, Bolivia e Perú, todos eles con reclamacións limítrofes mutuas que poden xerar unha carreira armamentista que derive en situacións con elevado risco de conflictividade.

Igualmente, o afondamento da cooperación militar entre Colombia e EUA en 2009, co anuncio da instalación de sete bases militares estadounidenses en territorio colombiano, xerou unha inmediata reacción de rexeite e desconfianza no resto dos países sudamericanos, especialmente en Venezuela, Ecuador e Brasil.

O eixe Washington-Bogotá

Un conflito que, cada vez máis, desborda as súas fronteiras territoriais é a confrontación interna que vive Colombia desde mediados da década de 1960, actual-

(4) "América Latina: ¿carrera armamentista sudamericana?", *BBC Mundo*, 10 de agosto de 2009. http://www.bbc.co.uk/mundo/america_latina/2009/08/090807_carrerarmamentista_sudamerica_jp.shtml

(5) "Record de gasto militar...", *op.cit*

(6) "América Latina: ¿carrera armamentista...", *op.cit*

mente centrada na pugna entre o Estado colombiano e a guerrilla esquerdista das Forzas Armadas Revolucionarias de Colombia (FARC), unha realidade que entrará no período 2010-2014 nunha dinámica moito máis intensa.

A conxuntura actual está condicionada polo anuncio de Washington de instalar sete bases militares en territorio colombiano, tendo en perspectiva a retirada da súa base militar en Manta (Ecuador), prevista para decembro de 2009, certificada recentemente por decisión do presidente ecuatoriano Rafael Correa.

Deste xeito, a imperiosa necesidade da Casa Branca de atopar un territorio firme para a loita antinarcóticos e a vixilancia rexional dos procesos políticos existentes, así como a presenza de actores exteriores na rexión, definiron a estratexia de Washington de situar a Colombia como o seu aliado militar e xeopolítico máis seguro e sólido.

Este novo escenario altera moderadamente os imperativos establecidos no Plan Colombia suscrito en 2000 entre o goberno de Bill Clinton e o colombiano Andrés Pastrana. Desde 2002, coa elección do actual presidente colombiano Álvaro Uribe Vélez, o Plan Colombia perfílase cada vez máis no contexto andino, en especial ante a vitoria de Evo Morales en Bolivia e a posibilidade de triunfo electoral de Rafael Correa en Ecuador.

Velaí que a consolidación dun eixe da ALBA en torno a Venezuela, Bolivia e Ecuador é observado en Bogotá e Washington como unha especie de “tenaza” contra Uribe e a ampliación da súa cooperación militar e antinarcóticos con EUA. A Casa Branca xa ten establecida esta premisa como factor central da súa estratexia de ampliación do Plan Colombia. En 2004, o xeneral James Hill, entón xefe do Comando Sur estadounidense acantonado en Florida, informou ao Congreso estadounidense que “o presidente Álvaro Uribe fai esforzos excepcionais para transformar o seu país nun Estado pacífico e seguro a partir do Plan Colombia”, para engadir inmediatamente que o presidente venezolano Hugo Chávez encabezaba en América Latina un “populismo radical” que convertíano nunha “ameaza emerxente para a seguridade de EUA”. Hill criticaba así a frontal oposición de Chávez á ampliación do Plan Colombia⁽⁷⁾.

As tensións diplomáticas e militares xurdidas entre Colombia, Ecuador e Venezuela en 2008 e 2009, trala operación militar colombiana en territorio ecuatoriano que levou ao asasinato do entón número dous das FARC, Raúl Reyes, así como o anuncio de Uribe Vélez de albergar as bases estadounidenses, son factores que incrementaron a sensación dun clima pre-bélico.

Se ben Quito e Bogotá acordaron recentemente (setembro de 2009) a reanudación das súas relacións bilaterais suspendidas desde marzo de 2008, o clima de tensión está actualmente centrado en Bogotá e Caracas. Chávez considera que a ampliación do Plan Colombia e as bases militares estadounidenses son unha evidente demostración de que Washington e Bogotá conspiran para “acabar coa revolución bolivariana” na área sudamericana.

(7) CALVO OSPINA, Hernando. “El conflicto colombiano desborda las fronteras” en *La Nueva Suramérica*. El Punto de Vista de Le Monde Diplomatique en español. Nº 6, xullo de 2009.

A medio prazo, un escenario a ter en conta será Perú, especialmente de cara ás eleccións presidenciais de 2011. A posición pro-estadounidense do actual mandatario Alan García, igualmente a favor dos plans de expansión no contexto andino do Plan Colombia, define un escenario interno complexo. No caso de triunfar a candidatura do líder nacionalista Ollanta Humala, favorable á inclusión de Perú na ALBA e detractor do Plan Colombia e da estratexia antinarcóticos estadounidense, pode xurdir un panorama complicado para Bogotá e Washington.

Igualmente, EUA observa con atención o incremento do gasto militar de Brasil e as súas pretensións xeopolíticas, especialmente na área amazónica. Se ben a ampliación do Plan Colombia a un contexto andino está claramente enmarcado na necesidade de Washington e Bogotá de conter o eixe da ALBA e a posible expansión do “bolivarianismo” de Chávez cara outros países como Paraguai e América Central, esta estratexia tamén posúe unha variable directamente dirixida cara os plans de Brasilia como potencia xeopolítica sudamericana.

Os actores externos

Washington tamén está preocupado pola activación de redes de cooperación militar sudamericana con países como Rusia, Irán e China, cunha presenza na rexión que comezou a potenciarse a partir de 2005.

O caso iraniano é o máis relevante para Washington, ante as constantes acusacións esgrimidas contra o goberno de Chávez de acoller, vía Teherán, redes de cooperación co movemento islamita libanés Hizbulá e o palestino Hamas. Ante esta posibilidade, Colombia, coa evidente presión de Washington, revalidou recentemente os seus lazos militares con Israel, outro actor esóxeno no contexto sudamericano.

Venezuela vaise configurando como o foco central da presenza da cooperación militar e enerxética con Rusia. Entre 2005 e 2008, Caracas asinou importantes acordos militares con Moscova, con compras de armamento por valor de US\$ 4.400 millóns⁽⁸⁾, especialmente 100.000 fusiles de asalto Kalashnikov AK-47 e 24 avións de combate Sukhoi SU. Incluso, o goberno de Chávez comezou as negociacións para a apertura dunha fábrica rusa de fusiles AK-47 en Venezuela.

Estes acordos ampliáronse con compras de armamento a Bielorrusia, China e España, que elevaron a cifra de compras de armamentos por parte venezolana a US\$ 7.000 millóns. Posteriormente, a finais de 2008, as armadas venezolanas e rusa realizaron manobras conxuntas no Mar Caribe. En agosto de 2009, Bolivia e Rusia subscribiron convenios de compra de armamento e equipamento das Forzas armadas bolivianas por valor de US\$ 1.000 millóns⁽⁹⁾.

(8) "América Latina: ¿carrera armamentista...?", *Ibid*

(9) *Ibid*

A presenza rusa, confirmada pola xira rexional do presidente Dmitri Medveded en novembro de 2008, afianzou a súa perspectiva de colocar a Venezuela como un actor relevante no eido da cooperación militar. O propio Medveded non dubidou en afirmar que “*Venezuela é o socio estratéxico prioritario para Rusia en América Latina*”⁽¹⁰⁾.

Con Caracas como epicentro desa relación, a presenza rusa ampliouse cara Brasil, Perú, Ecuador, Cuba e Nicaragua, este último país tan interesado na cooperación militar rusa que o levou, en agosto de 2008, a apoiar a Moscova no recoñecemento da independencia das repúblicas secesionistas de Osetia do Sur e Abxazia con respecto a Xeorxia, durante a breve guerra no Cáucaso.

Un ano despois, en setembro de 2009, Chávez estreitou aínda máis este nivel de cooperación con Rusia ao anunciar a apertura en Caracas das representacións exteriores de ambas repúblicas de Osetia do Sur e Abxazia.

Tras Rusia, Irán é outro actor exterior clave nos últimos anos en América Latina, aínda que as súas perspectivas non son exactamente militares senón centradas nos sectores enerxético, comercial e político, cifrado este aspecto nas referencias “antiimperialistas” e de cooperación Sur-Sur.

Desde 2006, Venezuela acelera unha serie de acordos de cooperación enerxética e comercial que levaron a que, en setembro de 2009, durante unha xira internacional de Chávez na que recalou en Teherán, se asinara unha “alianza estratéxica” na que Irán cooperaría con Venezuela na constitución dun programa nuclear de carácter civil e pacífico. Impulsada dende Caracas e Teherán, a ampliación da influencia iraniana na rexión continuou en Bolivia, Ecuador e Nicaragua.

Como se explicara anteriormente, a presenza iraniana en América do Sur, utilizando a Venezuela como epicentro, motivou unha inmediata reacción de EUA, Colombia e, principalmente, Israel. No caso estadounidense, o movemento máis significativo antes do anuncio da instalación das súas bases militares en Colombia foi a activación, a partir de xullo de 2008, da súa VII Flota no Caribe e no Atlántico Sur.

Así, o ministro de Exteriores israelí Avigdor Lieberman realizou a finais de xullo de 2009 unha visita a Colombia, precedida por asesores militares, para coordinar programas de cooperación en defensa orientados a “*conter o eixe chavista e a expansión iraniana*” na rexión. Tel Aviv argumentaba as presuntas conexións venezolanas con Hizbulah e Hamas a través de centros de distribución loxística e financeira, así como a conformación de rutas aéreas semanais entre Caracas e Teherán.

Mentres, Washington comeza a activar os seus resortes a través da investigación xudicial que leva adiante desde setembro de 2009 o fiscal Robert Morgenthau sobre presuntas conexións financeiras entre Venezuela, Irán e o terrorismo internacional.

(10) LAMRANI, Salim. “Nueva alianza entre Rusia y Suramérica”, *La Nueva Suramérica*, op.cit

O xigante brasileiro

Pero o acordo de cooperación militar máis firme e significativo realizado nos últimos anos en América do Sur realizouse en Brasilia a comezos de setembro, durante a visita do presidente francés Nicolás Sarkozy. A conformación dun eixe de cooperación entre Brasil e Francia, como anteriormente tamén realizara Brasilia con Rusia, China e India, altera tamén a configuración dos bloques militares na rexión.

O presidente brasileiro Lula da Silva anunciou que os acordos con París permiten a construción de cinco submarinos, un submarino nuclear e 50 helicópteros militares por valor de US\$ 20.000 millóns, xustificados por Brasilia como un mecanismo de defensa da Amazonía e dos novos xacementos petroleiros descubertos na costa atlántica brasileira⁽¹⁾. Este acordo inclúe a transferencia de tecnoloxía militar para impulsar a industria de defensa brasileira xa non só como comprador senón como potencia vendedora.

O plan nacional estratéxico de defensa brasileiro contempla converter o país amazónico e sudamericano na principal potencia armada latinoamericana en 2020. A pesar de ser signatario do Tratado de Non Proliferación Nuclear (TNP), Brasil avanza nos seus plans para concretar un programa nuclear, no que países como Francia, Rusia, China e India poden contribuír como socios tecnolóxicos.

Entre as perspectivas futuras de Brasilia figuran, entre outros obxectivos, potenciar a súa posición xeopolítica global a través de organismos como o BRIC, con Rusia, India e China, o IBSA con India e Sudáfrica, e apostar por acceder a un posto permanente nun Consello de Seguridade da ONU reformado e ampliado.

Camiño cara a OTAS?

O pasado 26 de setembro de 2009, durante o II Cumio de África e América do Sur (ASA) celebrado na illa venezolana de Margarita, o presidente libio Muammar al Gadafi (que por vez primeira pisaba solo latinoamericano) invocaba unha idea esgrimida anteriormente polo seu homólogo venezolano Hugo Chávez, de crear unha Organización de Defensa do Atlántico Sur, especie de réplica da OTAN, pero dende a perspectiva de seguridade dos países do Sur.

Gadafi facía así unha referencia á idea formulada por Chávez durante a Reunión de Presidentes de América do Sur celebrada o 30 de agosto de 2000 en Río de Janeiro. Na mesma cidade que en 1947 nacera o TIAR, Chávez expuxo a idea de crear a Organización do Tratado do Atlántico Sur (OTAS) como un organismo defensivo militar e de integración política destinado a fortalecer un mundo multipolar. Nese momento, o mandatario venezolano falou de integrar a América do Sur e África neste hipotético marco defensivo do Atlántico Sur.

(1) "El gigante se rearma", *Informe Semanal de Política Exterior*, N° 665, 21 de setembro de 2009.

Con estas palabras, Chávez, simbolicamente, recalcaba a necesidade de “enterrar” definitivamente os cimentos da confrontación bipolar da “guerra fría” no hemisferio latinoamericano, manifestados en organismos como o TIAR, mentres ofrecía unha alternativa de “independencia defensiva e estratéxica” con respecto a Washington. Nove anos despois, e tras varios intentos de Chávez de persuadir aos seus veciños sudamericanos en diversos foros rexionais sobre a necesidade de constituír un marco defensivo plenamente identificado cos intereses dos países do Sur, é Gadafi o que recolle esta idea esgrimida polo líder bolivariano.

Pero a OTAS é aínda un proxecto embrionario con escasos resortes de cooperación, que poden diluírse ante os intereses xeopolíticos e militares particulares de diversos países sudamericanos, especificamente Brasil, Venezuela, Colombia e Arxentina. A grandes trazos, mentres mantén o apoio ao considerado “eixe da ALBA”, conformado por Venezuela, Cuba, Bolivia, Ecuador e Nicaragua, esta alternativa de Chávez resulta, polo momento, observada con certo receo e pouca consistencia por varios países do hemisferio sudamericano, especialmente Brasil e Colombia.

Non obstante, a través de UNASUR existen tentativas de consolidar un marco rexional de seguridade, recollido no Cumio de Presidentes de UNASUR de xuño de 2008 celebrado en Brasilia, onde os países sudamericanos discutiron a posibilidade de constituír no futuro un Consello de Defensa rexional. Baixo esta perspectiva, semella larvarse no escenario sudamericano unha confrontación de alternativas de integración militar, que poden cifrarse nas tentativas de Chávez de dar curso á OTAS mentres Brasil, probablemente persuadido pola súa estratéxica posición xeopolítica, tentará orientar estas perspectivas de seguridade rexional a través de UNASUR e o seu hipotético Consello de Defensa.

A eficaz intervención política da UNASUR na resolución da crise boliviana en setembro de 2008, evidenciou a potencialidade deste organismo como catalizador das vías de solución de conflitos. Non obstante, a preponderancia diplomática e, posiblemente, militar de Brasil pode facer xurdir determinados roces con respecto a países como Venezuela, Colombia ou Arxentina, este último país con pretensións de consolidar o seu peso político e militar, tamén ante unha posible ampliación do Consello de Seguridade da ONU.

Igualmente, a presenza rusa, chinesa e iraniana, principalmente a través de Venezuela, así como o recente acordo militar e nuclear entre Brasil e Francia, son escenarios que Washington observa con preocupación. Pero o epicentro segue a estar en Colombia e na ampliación da súa cooperación militar con EUA. Aquí poden cifrarse as claves da evolución e dos riscos dos conceptos de seguridade sudamericana e dos potenciais conflitos que puideran xurdir no futuro.

Roberto Mansilla Blanco é analista do IGADI